

Subvenciones concedidas en 2017 por el Parlamento de Galicia

Nº	ENTIDAD	SUBVENCIONES 2017	
		CONCEDIDO	TOTAL JUSTIFICADO
Subvenciones a entidades de carácter social		45.000,00	36.548,89
1	ASOCIACIÓN RENACER DE A CORUÑA	3.000,00	3.000,00
2	AFAOR (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER)	3.000,00	3.000,00
3	ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL	3.000,00	3.000,00
4	COGAMI (CONFEDERACIÓN GALLEGA DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD)	12.000,00	11.367,47
5	FUNDACIÓN MONTE DO GOZO	12.000,00	12.000,00
6	FEGABAN (FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCO DE ALIMENTOS)	12.000,00	4.181,42
Subvenciones a Universidades		2.000,00	2.000,00
7	UNIVERSIDAD DE VIGO	2.000,00	2.000,00
Subvenciones a otras Entidades		56.305,00	53.062,59
8	MUSEO DO POBO GALEGO	12.192,00	12.192,00
9	MUSEO DO POBO GALEGO	8.000,00	5.763,76
10	GESTINVEST-MEDICAL	1.922,00	1.873,53
11	CENTRO GALEGO DE BARCELONA	4.000,00	3.940,38
12	FUNDACIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN, DESARROLLO E INNOVACIÓN RAMÓN DOMÍNGUEZ	5.000,00	5.000,00
13	ASOCIACIÓN GALICIA MILENIO. FORO DE PENSAMIENTO Y OPINIÓN	2.341,00	2.341,00
14	ASOMEGA (ASOCIACIÓN DE MÉDICOS GALLEGOS)	5.000,00	5.000,00
15	REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRUGÍA DE GALICIA	17.850,00	16.951,92
TOTAL		103.305,00	91.611,48

NOTA: Esta relación no incluye las subvenciones concedidas a los grupos parlamentarios que están publicadas en el portal de transparencia del Parlamento de Galicia en un apartado específico.

① Justificada en el 2018

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 02/05/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da ASOCIACIÓN RENACER DE LA CORUÑA (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0910) á sazón D.José Fernández Pernas, para acadar cofinanciamento para a actividade de “ Aluguer de vivendas Refugio Renacer” dentro do proxecto “ Solidariedade 2017”.

A entidade completa a documentación con: Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante, memoria explicativa da actividade e orzamento total, declaración das achegas ou outros fondos para o seu financiamento xunto co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas , declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verificase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 3.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 2003. Partindo do fin xeral da entidade detallado no artigo 5 dos seus estatutos: “a acollida e refuxio de todo ser humano, socialmente desprazado ou con carencias (físicas, económicas ou psicolóxicas) que produzan a súa marxinação da vida social, con dedicación especial aos xoves e inmigrantes”, que neste ano se plasma no proxecto denominado “Solidariedade 2017” que se achega, e xa concretamente no subproxecto no que focalizan a solicitude de axuda “ Aluguer de vivendas Refugio Renacer” para a acollida básica de usuarios sen teito nin recursos (inclúe servizo de comedor). Neste servizo os usuarios se comprometen a respectar unhas normas de convivencia e realizan as tarefas domésticas, podendo ser o punto de partida para o acceso a outros servizos que presta a entidade como formación con clases de alfabetización, entre outros.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercicio 2017, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: “ Aluguer de vivendas Refugio Renacer”

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables e tampouco é subvencionable o imposto da renda das persoas físicas.

Concretamente, segundo a proxección achegada aquí consistiran nos “gastos do aluguer” das vivendas para acollida que se correspondan co período de 01/01/2017 ao 30/09/2017.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 3.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 3.750€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/10/2017 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social, caso de non estar vixentes os certificados presentados inicialmente.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.02 do estado de gastos do exercizo 2017. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que **o prazo para execución e xustificación remata o 15/10/2017** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira



Conforme, a Interventora

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 15/06/2017, concedeuse unha subvención de 3.000 euros máximo á ASOCIACIÓN RENACER DE LA CORUÑA (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0910) trala solicitude do seu representante legal, á sazón D.José Fernández Pernas, para acadar cofinanciamento para a actividade de “ Aluguer de vivendas Refugio Renacer” dentro do proxecto “ Solidariedade 2017” cun custe que indican de 13.500€ do 01/01/2017 ao 30/09/2017.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 27 de novembro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 3.750€, e por ende, acada o importe da subvención os 3.000€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 18/05/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE OURENSE (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0902) á sazón D.^ª Maria Dolores Neira Rodriguez, para acadar cofinanciamento para a actividade do “Programa integral de atención a enfermos de alzheimer e ás súas familias” cun custe que indican de 4.038,16€

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total e da actividade.
- Declaración da non solicitude nin obtención para esta actividade concreta doutras achegas e co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia
- Certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verificábase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 3.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade. Partindo dos fins detallados no artigo 3 dos seus estatutos, co seu “Programa integral de atención a enfermos de alzheimer e ás súas familias” presentado, que segundo se explicita desenvólvese en 5 fases: a) entrada dos usuarios, b) incorporación á asociación, c) aplicación do Plan de atención Individual, d) avaliación e reorientación continua do PAI e e) saída do usuario; sendo unha das actividades da memoria correspondente a 2017. O programa integral trátase dunha actuación en espiral cun equipo profesional responsable formado por: unha psicóloga, un traballador social, unha auxiliar administrativa, sen prexuízo de que unha vez avaliado se apliquen outros recursos técnicos (fisioterapeuta, enfermería ou terapeuta ocupacional). Todo ilo dentro do marco familiar para estudar a cobertura das necesidades que derivan desta enfermidade.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercizo 2017, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: “Programa integral de atención a enfermos de alzheimer e ás súas familias”

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, segundo a proxección achegada consistiran nos gastos do persoal do programa e aluguer da sede. Se lles indicou no requirimento de emenda á solicitude inicial que os gastos a xustificar haberían de corresponder co período de 01/01/2017 ao 30/09/2017.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 3.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade xustifique o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 3.750€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/10/2017 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática cando sexan de importe superior a 1.000€, bastando para as de cuantía inferior o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste.
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social, caso de non estar vixentes os certificados presentados inicialmente.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.02 do estado de gastos do exercizo 2017. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para execución e xustificación remata o 15/10/2017** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira



Intervido e confoi
na data. 27/06/2017
A INTERVENTOR

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 27/06/2017, concedeuse unha subvención de 3.000 euros a ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE OURENSE (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0902) trala solicitude do seu representante legal, á sazón D.^a Maria Dolores Neira Rodriguez, para acadar cofinanciamento para a actividade do “Programa integral de atención a enfermos de alzheimer e ás súas familias” cun custe que indican de 4.038,16€

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 03 de outubro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 3.750€, e por ende, acada o importe da subvención os 3.000€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 04 de outubro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 08/05/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 87) á sazón Mercedes Paula Alvarellos Fondo, para acadar cofinanciamento para a actividade de “ Club de lectura no Centro Penitenciario de Monterroso” a desenvolver de xullo a setembro de 2017.

A entidade completa a documentación, tralo estudo da solicitude e requirimento, con: Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante, memoria explicativa da actividade e orzamento total, declaración das achegas ou outros fondos para o seu financiamento, declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verificase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 3.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<<PRIMEIRO.- existen razóns de interese social na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 1989: trátase dunha asociación sen ánimo de lucro que se centra exclusivamente no colectivo de persoas en situación pre, intra y post penitenciaria, prestándolles unha atención integral, promovendo diferentes actividades para a reinserción dos ex internos na sociedade (vía formación e sensibilización) así como para estudar a problemática penitenciaria, procurar o fin da delincuencia.

O proxecto presentado “ Club de lectura do Centro Penitenciario de Monterroso”, atende a consideración da lectura como unha vía de escape e de gran influencia no mundo interior, afectivo e relacional, facilitando un ambiente axeitado para exteriorizar o pensamento. Esta actividade permitirá traballar as habilidades sociais dos participantes (cun máximo de 15), comunicación e comprensión, guiados por unha psicóloga e unha traballadora social ambas licenciadas en criminoloxía, que os motivaran e dinamizarán calquera que sexa a procedencia social, racial e cultural.

O proxecto desenvolverase entre xullo e setembro, e solicitan unha axuda para facerlle fronte aos gastos que conleva.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercizo 2017, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: “ Club de lectura do Centro Penitenciario de Monterroso”



Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, segundo a proxección detallada, os gastos abranguerán: gastos de libros, custe da traballadora social e psicóloga, incluído o seu kilometraxe, gastos de xestión, material e mantemento que se correspondan co período de desenvolvemento.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 3.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 3.750€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/10/2017 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social, caso de non estar vixentes os certificados presentados inicialmente.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.

Conclusión

Infórmase favorablemente nestes termos correspondendo á Presidencia resolver sobre a súa concesión.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.02 do estado de gastos do exercizo 2017. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que **o prazo para execución e xustificación remata o 15/10/2017** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

O Presidente

Miguel A.Santalices Vieira

Conforme, a Interventora

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 27/06/2017, concedeuse unha subvención de 3.000 euros máximo á ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 87) á sazón Mercedes Paula Alvarellos Fondo, para acadar cofinanciamento para a actividade de “ Club de lectura no Centro Penitenciario de Monterroso” a desnvolver de xullo a setembro de 2017 cun custe que indican de 3.750€.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 28 de novembro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 3.750€, e por ende, acada o importe da subvención os 3.000€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o desenvolvemento do proxecto "Activando o rural: claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade"

REUNIDOS

O Excmo. Sr. **D. Miguel Ángel Santalices Vieira** (DNI nº 34914062G), na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia (CIF nº S1533001B), actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia,

D. Anxo Antón Queiruga Vila (DNI nº 76778938Q), presidente da **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade** (CIF nº G32115941), que actúa ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 36 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

COGAMI trata de dar resposta ás necesidades específicas do colectivo de mulleres con discapacidade, que sofren unha dobre discriminación, a través do desenvolvemento de accións específicas que atendan á realidade social e á situación obxectiva das mulleres con discapacidade, concentrando as accións naquelas esferas que xeran máis factores de exclusión para as mulleres, determinando un menor grao de desenvolvemento persoal e social e unhas menores posibilidades de acceso normalizado aos dereitos, bens e servizos da comunidade.

Segundo. O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para celebrar os acordos que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden.

Comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables, quere participar activamente no desenvolvemento deste proxecto de atención integral e personalizada a mulleres do rural con discapacidade.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustifícase a concesión directa de subvención no innegable interese público e social que supón o desenvolvemento do proxecto.

Tendo mutuo interese ambas partes no éxito do proxecto, acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, para a realización do proxecto "*Activando o rural: claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade*", encamiñado ao desenvolvemento de accións específicas que atendan á realidade social e á situación obxectiva das mulleres rurais con discapacidade, concentrando as accións naquelas esferas que xeran máis factores de exclusión para as mulleres, determinando un menor grao de desenvolvemento persoal e social e unhas menores posibilidades de acceso normalizado aos dereitos, bens e servizos da comunidade.

Este proxecto pretende prestar unha atención integral e personalizada a mulleres con discapacidade a través do desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción/participación social reforzados por procesos de empoderamento colectivo a través do traballo grupal, facendo un especial fincapé nas mulleres con discapacidade do medio rural.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) COGAMI declara:

- 1º. Que non está incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - 2º. Acredita estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - 3º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte, que remitirá ao Parlamento de Galicia:
 - Memoria da actuación xustificativa con indicación do destino dado aos fondos aportados polo Parlamento de Galicia nos termos da cláusula seguinte.
 - Relación clasificada dos gastos executados no período subvencionado: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia (en calquera caso as de importe superior a 1.000,00 € bastando para as de contía inferior o recibí do preceptor se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste). Enténdese por período subvencionado dende a sinatura deste convenio ata o 15 de novembro de 2017.
 - Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
 - Certificación acreditativa do representante legal da entidade da non obtención de axudas solicitadas e/ou percibidas para esta actividade.
- Esta axuda é incompatible con outras axudas para esta actuación concreta, con independencia dos fondos propios da entidade que se precisen.
- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA das subministracións ou servizos que solicita.
 - Acreditación da publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web,...)
 - Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 27 de novembro de 2017.

B) COGAMI desenvolverá o proxecto “*Activando o rural: claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade*”, e o Parlamento de Galicia colaborará co financiamento do seu custe ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen no proxecto, que corresponderán enteiramente a COGAMI.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia financiará o proxecto con 12.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.481.02” subvencións a entidades de carácter social”

Os fondos adicaranse a afrontar os custes laborais, desprazamentos, así como servizos e subministracións precisos para levar a cabo a actividade.

Unha vez presentada en tempo e forma pola entidade a documentación xustificativa, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

De resultar finalmente inferior o custe da actividade ou xustificarse correctamente nun importe inferior, a subvención a abonar reducirase á dita contía.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para o desenvolvemento do proxecto, que en todo caso non poderá estenderse máis alá do 31 de decembro de 2017, data en que deberá estar xustificado o gasto pola entidade, fiscalizado e resolto o pagamento, se procede.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Na actividade obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, creárase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes, ou a comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegaranse as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:


- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerase pola normativa aplicable en materia de subvencións.


En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2017.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do
Parlamento de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA



Anxo Antón Queiruga Vila, presidente da
Confederación Galega de Persoas con
Discapacidade

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 24/07/2017 asinouse un Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e COGAMI para o desenvolvemento do proxecto "Activando o rural: claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade." Consistente en itinerarios personalizados reforzados cun traballo grupal. Os gastos da devandita actividade serían subvencionados polo Parlamento nun 100% ata o límite máximo de 12.000,00€.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 29 de decembro de 2017, polo importe que se estima acreditado de 11.367,47€.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 11.367,47 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O día 12/07/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da FUNDACIÓN MONTE DO GOZO (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0160) á sazón D. Ramón Gómez Crespo, para acadar cofinanciamento para a actividade do “Programa de terapia familiar” cun custe que indican de 16.081,46€ para o período que vai do 01/01/2017 ao 31/10/2017.

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total e da actividade.
- Declaración da non solicitude nin obtención para esta actividade concreta doutras achegas e co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia
- Certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verifícase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Emitido informe polos servizos xurídicos ao respecto o 02/08/2017 e fiscalizado pola Intervención no mesmo día.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 12.000€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- existen razóns de interese social na concesión desta subvención a esta entidade constituída en 1990, que presta servizos de balde ás persoas adictas e ás súas familias, sendo o seu entorno mais íntimo un dos piares básicos para a súa rehabilitación, asumindo cada un dos membros o rol que lle corresponde. Ilo permite ao adicto ir reintegrándose na sociedade a partir da reconstrución da súa identidade via recomposición da estrutura familiar. Para tal fin desenvólvese o “ Programa de Terapia familiar” que abrangue varias actividades: grupos de apoio e seguimento, grupos de autoaxuda e grupos de coñecemento.

Conta a entidade con centros en varias localidades: Santiago de Compostela, Val do Dubra, Vigo, Ourense, Lugo, A Coruña e Pontevedra.

SEGUNDO: Debido ao excepcional carácter social e en atención a concreción da actuación que se pretende subvencionar, e á ampla implantación da Fundación nas diferentes provincias galegas e, por ende, o significativo

número de persoas que son atendidas grazas ao seu labor, reúne os requisitos para ser obxecto de concesión directa, sen concorrencia, ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: “ Programa de Terapia familiar”

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Segundo a proxección achegada, consistiran nos gastos da actividade devengados no período de 01/01/2017 ao 31/10/2017 relativos tanto ao persoal preciso para o desenvolvemento do programa (salariais e sociais) como aos consumos sen impostos de electricidade e telefono, que deberán acreditar proporcionais ao desenvolvemento da actividade, desbotándose os de augas e lixos que indican por tratarse de impostos.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos do proxecto presentado, cun máximo de 12.000€ de subvención, sen prexuízo de que a entidade haberá de xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos uns 15.000€).

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarase no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 10/11/2017 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social, caso de non estar vixentes os certificados presentados inicialmente.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.481.02 do estado de gastos do exercicio 2017. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o **prazo para execución e xustificación remata o 10/11/2017** e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 02/08/2017, concedeuse unha subvención de ata 12.000 euros, que financiarían ata o 80% da actuación xustificada, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E 0160) trala solicitude do seu representante legal, á sazón D. Ramón Gómez Crespo, para acadar cofinanciamento para a actividade do "Programa de terapia familiar" cun custe que indican de 16.081,46€ para o período que vai do 01/01/2017 ao 31/10/2017.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 13 de decembro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 15.000€, e por ende, acada o importe da subvención os 12.000€ máximo a conceder

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 12.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira



Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Federación Galega de Bancos de Alimentos (FEGABAN) para o desenvolvemento dunha campaña informativa sobre as actuacións dos Bancos de Alimentos

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira (DNI nº 34914062G), na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia (CIF nº S1533001B), actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia,

D. José Pita Chento (DNI nº 33199205Q), presidente da Federación Galega de Bancos de Alimentos (CIF nº G32375115), que actúa ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 21 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Federación Galega de Bancos de Alimentos, organización independente sen ánimo de lucro baseada no voluntariado, ten como obxectivo principal a consecución e aproveitamento dos alimentos excedentarios con intención de facelos chegar ás familias e ás persoas necesitadas.

Baixo os principios éticos da distribución gratuíta, a contribución á sostibilidade e preservación do medio, e a promoción da solidariedade e a cohesión social, FEBAGAN ten marcados como fins da súa actuación, entre outros, educar e concienciar sobre a problemática alimentaria, desenvolver a conciencia solidaria, instalando o "principio de responsabilidade social compartida", con campañas de sensibilización dirixidas cara á opinión pública, involucrar ao sector empresarial, comprometéndoo en accións de responsabilidade social, promover e difundir as solucións posibles para superar a problemática da fame, ou promover a participación do voluntariado, unha solidariedade activa e responsable.

Para o cumprimento destes fins FEGABAN quere desenvolver unha campaña para facer chegar á sociedade de Galicia, as actuacións e a labor solidaria que de cotío desenvolven os Bancos de Alimentos, que achegue á cidadanía información sobre as actuacións e campañas que realiza, como a operación Kilo, o reparto do FEGA, ou a distribución do FOGGA, e que axude á captación de voluntarios para as áreas de actuación dos Bancos de Alimentos.

Segundo. O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para celebrar os acordos que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden.

Comprometido, como está nesta X Lexislatura, co fomento de proxectos, programas e actuacións que no ámbito político, económico, cultural e social, activen, reforcen ou consoliden ese espírito solidario que tanto nos caracteriza como galegos, sinte a obriga de participar activamente nesta campaña, promotora da desinteresada labor que desenvolven os Bancos de Alimentos, en favor dos colectivos especialmente máis vulnerables, logo da profunda crise que acabamos de vivir, e da que aínda senten as consecuencias.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustificase a concesión directa de subvención no innegable interese público e social que supón a labor dos Bancos de Alimentos e, en consecuencia, a posta en marcha da campaña.

Tendo mutuo interese ambas partes no éxito do proxecto, acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Federación Galega de Bancos de Alimentos, para o desenvolvemento dunha campaña informativa sobre as actuacións dos Bancos de Alimentos.

Este campaña pretende achegar á sociedade galega información sobre a actividade e a captación de voluntarios para as áreas de actuación dos Bancos de Alimentos (Operacións Kilo, reparto do FEGA, distribución do FOGGA, etc...).

En cada provincia impartiranse charlas en colexio maiores, facultades, institutos etc., e subministraranse folletos informativos nas liñas nas que actúan: subministración de alimentos ás persoas mais desfavorecidas da sociedade e loita contra o malgasto alimentario.

O desenvolvemento da campaña inclúe aluguer de material audiovisual, material ofimático, cartellaría e publicidade en prensa, radio e televisión.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) FEGABAN declara:

- 1º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia
- 2º. Acredita estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 3º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte, que remitirá ao Parlamento de Galicia:

- Memoria da actuación xustificativa con indicación do destino dado aos fondos aportados polo Parlamento de Galicia nos termos da cláusula seguinte.
- Relación clasificada dos gastos executados no período subvencionado: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia (en calquera caso as de importe superior a 1.000,00 € bastando para as de contía inferior o recibí do preceptor se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste). Enténdese por período subvencionado dende a sinatura deste convenio ata o 30 de novembro de 2017.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Certificación acreditativa do representante legal da entidade da non obtención de axudas solicitadas e/ou percibidas para esta actividade.

Esta axuda é incompatible con outras axudas para esta actuación concreta, con independencia dos fondos propios da entidade que se precisen.

- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA das subministracións ou servizos que solicita.



- Acreditación da publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web,...)
- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 4 de decembro de 2017.

B) FEGABAN desenvolverá a campaña informativa sobre as actuacións dos Bancos de Alimentos e o Parlamento de Galicia colaborará co financiamento do seu custe ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na campaña, que corresponderán enteiramente a FEGABAN.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia financiará o proxecto con 12.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.481.02" subvencións a entidades de carácter social"

Os fondos dedicaranse a afrontar os custes de realización e adquisición de folletos, aluguer de material audiovisual, material ofimático, cartelería e publicidade en prensa, radio e televisión.

Unha vez presentada en tempo e forma pola entidade a documentación xustificativa, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

De resultar finalmente inferior o custe da actividade ou xustificarse correctamente nun importe inferior, a subvención a abonar reducirase á dita contía.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para o desenvolvemento da campaña, que en todo caso non poderá estenderse mais alá do 31 de decembro de 2017, data en que deberá estar xustificado o gasto pola entidade, fiscalizado e resolto o pagamento, se procede.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Na actividade obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu



desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes, ou a comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerese pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 12 de setembro de 2017.



D. Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do
Parlamento de Galicia.



D. José Pita Chentoso, presidente da
Federación galega de bancos de alimentos

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 12/09/2017 asinouse un Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Federación Galega de Bancos de Alimentos (FEGABAN) para o desenvolvemento dunha campaña informativa sobre as actuacións dos Bancos de alimentos, como a operación Kilo, o reparto do FOGGA, e dirixida especialmente á captación de voluntarios para as súas áreas de actuación. En cada provincia impartiranse charlas en colexios maiores, facultades, institutos, etc e subministraranse folletos informativos nas liñas nas que actúan. Os gastos que comprendía eran de aluguer de material audiovisual, material ofimático, cartelería, e publicidade en prensa, radio e televisión, sendo o período subvencionado dende a sinatura do convenio ata o 30/11/2017.

Os gastos da devandita actividade serían subvencionados polo Parlamento nun 100% ata o límite máximo de 12.000,00€.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados e os que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 30 de decembro de 2017, polo importe que se estima acreditado de 4.181,42€.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 4.181,42 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 09/03/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do Director das XORNADAS DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE PÚBLICA (e curso complementario de comunicación e protocolo), á sazón Fernando Ramos Fernández, que se realizarán os días 18,19 e 20 de abril de 2017, pola Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, con domicilio social en Campus da Xunqueira, s/n, Pontevedra (CP 36005) e CIF: Q-8650002-B.

O interesado adxunta a memoria explicativa da actividade, orzamento total, e o importe solicitado de 2.000€ que representa un 33,33% do total orzamentado, para gastos ocasionados pola organización das xornadas. Declara ademais a solicitude doutras achegas que en suma non superarían o importe de gastos estimado.

Expedíuse certificado de existencia de crédito pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111b.444.00 “Transferencias e subvencións a Universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia” do exercizo 2017.

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior, na que verificábase a confluencia de razóns de interese público na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, dada a vinculación da temática a tratar co Parlamento de Galicia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

- 1.- Conceder a subvención solicitada por importe de 2.000€ para o obxecto citado nos termos da memoria xustificativa emitida.
- 2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.444.00 do estado de gastos do exercizo 2017. A aprobación do gasto terá lugar unha vez se xustifique a subvención concedida nos termos indicados na memoria que de seguido se transcriben:

<<
.../...

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia por importe de 2.000€ ten por obxecto financiar o pago dos gastos ocasionados pola organización das devanditas Xornadas como son: papelería (carpetas, bolígrafos e

outro material preciso), cartelería, dípticos e pancartas, fotocopias, transporte, aloxamento e manutención dos ponentes... e demais gastos imprescindibles para a realización das xornadas.

CUARTO: O beneficiario da subvención sería a Universidade de Vigo imputándose á aplicación orzamentaria 01.01.111b.444.00 "Transferencias e subvencións á Universidades publicas da Comunidade Autónoma de Galicia"

QUINTO: O importe da subvención financiará unha porcentaxe do 33,33 % sobre os custos totais de celebración. En consecuencia, de resultar inferior o custe total das xornadas, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

SEXTO: As fontes de financiamento das xornadas serán segundo a solicitude remitida as seguintes:

- 1.500€ da Secretaría Xeral de medios da Xunta de Galicia
- 600€ Galicia Calidade
- 1.900€ da Deputación de Pontevedra

As xornadas son de balde para os asistentes.

Polo tanto a subvención concedida será compatible con outras axudas que se reciban polas citadas fontes, quedando obrigada a organización das xornadas a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia, así como de outras derivadas das letras d) e e) do artigo 14 da lei xeral de subvencións.

SÉTIMO: A xustificación da finalidade da subvención e maila súa aplicación farase mediante a remisión ao Parlamento de Galicia da seguinte documentación no prazo de 3 meses dende a data de remate das xornadas:

- conta xustificativa asinada acompañada das facturas acreditativas dos gastos de organización, e acreditación do abono dos gastos via transferencia, agás excepcións xustificadas.
- certificación acreditativa do importe total das axudas percibidas que financian a actividade
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia via logotipo (fotografías, dípticos...)

OITAVO: O pagamento polo Parlamento de Galicia efectuarase una vez realizadas as Xornadas e previa xustificación pola organización do gasto realizado nos termos da cláusula anterior, sen prexuízo da tramitación e fiscalización da documentación presentada nesta institución.

NOVENO: O incumprimento da obriga de xustificar os gastos de organización nos que se teña incorrido dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

DÉCIMO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

3.- Comuníquese pola Xefatura de Servizo de Persoal e Rexime Interior ao beneficiario para o seu coñecemento e efectos, e á Intervención xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 14/03/2017 concedeuse unha subvención de 2.000,00 euros á Universidade de Vigo, con domicilio social en Campus da Xunqueira, s/n, Pontevedra (CP 36005) e CIF: Q-8650002-B, para a realización os días 18, 19 e 20 de abril dunhas XORNADAS DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE PUBLICA (e curso complementario de comunicación e protocolo), dirixidas por D. Fernando Ramos Fernández, da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. O importe representa un 33,33% do total orzamentado, para gastos ocasionados pola organización das xornadas. Declara ademais a solicitude doutras achegas que en suma non superarían o importe de gastos estimado.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 02 de novembro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 6.000€, e por ende, acada o importe da subvención os 2.000€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 2.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da Universidade de Vigo aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Dirección de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 02 de novembro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira



PARLAMENTO DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO.

No pazo do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, a dezaoito de xullo de 1995,

COMPARECEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Victorino NÚÑEZ RODRIGUEZ, en nome e representación do Parlamento de Galicia, que ostenta de conformidade co previsto no artigo 31.1 do Regulamento da Cámara;

E da outra, don Antonio FRAGUAS e FRAGUAS, maior de idade, casado, con domicilio na rúa de Montero Ríos, número 36 de esta cidade, quen intervén en nome e representación do Patronato do Museo do Pobo Galego, que ostenta de conformidade co previsto no artigo número 15, b dos seus vixentes Estatutos legalmente aprobados.

Ámbolos comparecentes recoñecense mutuamente a capacidade legal suficiente para intervir neste acto e acordalo presente convenio de colaboración nos termos que a continuación se estipulan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a data da súa fundación, no ano 1963, o Museo do Pobo Galego foi acadando un posto relevante entre as institucións galegas que se adican ó estudio, investigación e divulgación da cultura galega e dos valores culturais do pobo galego. Durante estes anos, o Museo enriqueceu a cultura galega con importantes achádegos e con unha experiencia científica e cultural recoñecida. A riqueza, por exemplo, dos fondos bibliotecarios e documentais do Museo sobre cultura galega xustifican xa por si mesmo calquera desexo de colaboración.

O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego poden establecer proveitosas relacións culturais, orientadas non soamente ó mellor servizo ó pobo galego, do que o Parlamento é a súa máxima representación, senón tamén na medida en que as mesmas necesidades da Cámara poden resolverse en moitos casos, relacionados coa cultura galega, dun xeito máis efectivo e máis entrañable mediante unha axeitada relación.

Estes vencellos, intensifícanse, ademais, polo feito de que, coa data do 28 de maio de 1994, o Patronato do Museo do Pobo Galego considerou que o

A. Fraguas



[Firma]



PARLAMENTO DE GALICIA

Parlamento de Galicia debía ter no mesmo a súa representación institucional, feito que a Mesa do Parlamento aceptou con satisfacción na súa reunión do 22 de xuño de 1994, acordando, concretamente, que a súa representación fóra por delegación e, a ser posible, de xeito rotatorio.

Por eso, os comparecentes, de acordo cos mandatos legais que lle corresponden, de conformidade coas normas ou estatutos que os rexen,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego, representados respectivamente polos comparecentes, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas cláusulas que a continuación se estipulan.

SEGUNDO.- O Museo do Pobo Galego comprométese formalmente a prestar aquel asesoramento que, dentro de acordo coas súas funcións, precise a Cámara e os seus membros para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coas necesidades expresadas pola presidencia ou pola Mesa do Parlamento.

TERCEIRO.- Entre o Museo do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia establécese un acordo de relación interbibliotecaria, nos termos normais neste tipo de relacións, establecendo aquelas formas de préstamo usuais, con exclusión de aqueles fondos que cada unha das institucións fixe nunhas normas complementarias.

CUARTO.- O Museo do Pobo Galego poderá depositar no Parlamento de Galicia aquelas obras de interese cultural nas vitrinas e dependencias do Parlamento de Galicia, mediante acordo mutuo das respectivas necesidades e posibilidades.

QUINTO.- O Museo do Pobo Galego poderá realizar nas súas dependencias exposicións e actos nos que participe o Parlamento de Galicia mediante unha programación adecuada e previa a súa conformidade. Recíprocamente, o Parlamento de Galicia poderá contar cos medios dispoñibles a tales efectos polo Museo do Pobo Galego, para a programación dos seus propios actos e sempre contando coa conformidade daquel.

SEXTO.- Para o desenvolvemento máis eficaz e satisfactorio dos fins xerais da colaboración co Museo do Pobo Galego, o Parlamento de Galicia aportará para o ano en curso a cantidade de un millón de pesetas, a percibir despois da firma do presente convenio. En anos sucesivos, de seguir manténdose a colaboración, poderá renovarse por acordo presidencial, sen necesidade de aprobación de un novo convenio, entendéndose, polo tanto, prorrogado o presente polo feito da entrega da asignación devandita.

A. Fraqueza



[Firma]



PARLAMENTO DE GALICIA

SÉTIMO.- A cantidade asignada polo Parlamento de Galicia terá o carácter de aportación voluntaria e para cada ano, sen que sobre o seu devengo se poida imponer condición algunha nin se adquirira ningún dereito para o sucesivo nin prórroga tácita, polo que a outra parte non poderá reclamar cantidade algunha nin intereses ou calquera outra cantidade polo feito de retrasos na entrega ou simplemente polo non pago no sucesivo.

OITAVO.- O incumprimento do presente convenio ou dalgunha das súas cláusulas poderá ser causa de resolución.

En proba de conformidade, previa lectura do acordado neste acto, os comparecentes asinan o presente Convenio de Colaboración no nome do Parlamento de Galicia e do Museo do Pobo Galego, respectivamente, no lugar e data indicados.

O presidente
do Parlamento de Galicia

O presidente do Museo
do Pobo Galego



20 XULL. 2016

Núm. 22840

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º-COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) COMUNICACIÓNS

Comunicacións de Entidades

-52094 Escrito do presidente da Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que solicita a revisión polo Parlamento de Galicia da súa contribución económica para o funcionamento da referida entidade

O Parlamento de Galicia ven efectuando unha achega como membro do Padroado ao Museo do Pobo Galego en virtude dun Convenio de colaboración asinado o 18/07/1995. Actualmente a achega resulta do acordo da Mesa do PG adoptado o 18/09/2016 que a fixou en 9.000€ actualizada conforme ao IPC nos exercicios seguintes, de xeito que a no exercicio anterior abonoúselles 10.743,12€, sendo a suba para este ano dun 0%.

Examinada a petición do Presidente da Xunta Reitora presentada o 15/07/2016 sobre a revisión á alza da contribución económica.

Téndose recibido a documentación das contas anuais que se remite sobre estas datas.

Sendo incuestionable o significado do Museo do Pobo Galego e a labor que realiza en defensa da cultura galega en todos os seus ámbitos, sobre todo, cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos do patrimonio histórico antropolóxico de Galicia, estímase que cómpre atender a petición.

Verificada a existencia de crédito na partida orzamentaria á que se imputa do orzamento de gastos.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O incremento da achega do PG ao Museo do Pobo Galego ao abeiro dos termos do devandito convenio de 12.000€, que será actualizada conforme ao IPC nos vindeiros exercicios.

Segundo.- Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos



Parlamento de Galicia e á Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1.^a na data 18/07/2016 13:28:19

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a documentación e a solicitude presentada polo Museo do Pobo Galego, e en virtude do convenio de colaboración asinado entre o Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego de 18 de xullo de 1995 e o acordo da Mesa do Parlamento do 18/07/2016 que actualiza o importe da aportación e establece a súa actualización no IPC para vindeiros exercizos, esta presidencia RESOLVE:

Que se lle aboe ao Museo do Pobo Galego a cantidade de 12.192 euros que se corresponde co aboado no ano 2016 actualizado no 1,6%.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

A presidencia



Miguel Ángel Santalices Vieira

**Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación
"Padroado do Museo do Pobo Galego" para a organización do ciclo de Foros
"O noso Pobo: de hoxe noutros corenta anos"**

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

D. Justo Beramendi González, presidente da Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego", actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 16 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia, no 35º aniversario da súa constitución, comprometido coa protección e promoción da cultura e da vida política e social galega en todos os planos da vida pública e cultural, quere seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Segundo. A Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego" (G15037195), foi creada en 1976 cos obxectivos de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos, e crear e desenvolver un museo ao servizo destes obxectivos, inaugurando as primeiras salas en 1977, no antigo convento de San Domingos de Bonaval.

O Decreto 111/1993 de 22 de maio recoñeceulle ao Museo do Pobo Galego a competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións públicos e privados integrados no sistema galego de museos dedicados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropológico de Galicia.

Con motivo da conmemoración do 40º aniversario do Museo do Pobo Galego, a Asociación está a organizar diversas actividades divulgativas, e propónse desenvolver, entre outras, un ciclo de foros que sirvan, con perspectiva de futuro, para a reflexión, o debate e a galegitude, e coa esperanza de que sexa unha contribución valiosa ao necesario balance xeracional.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustifícase a concesión directa de subvención no indubidable interese social, político e cultural que supón o coñecemento destes últimos anos da historia de Galicia e a súa proxección cara o futuro dende o punto de vista do valioso testemuño cultural, antropológico e social que aporta o Museo do Pobo Galego, o interese que debe suscitar a temática dos foros, e a acreditada solvencia intelectual dos intervincentes.

A achega ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación a subvencionar, coincidindo co 35º aniversario do Parlamento de Galicia, así como o 40º aniversario do Museo do Pobo Galego, o que permite acollerse ao outorgamento en réxime de concesión directa.

Tendo mutuo interese ambas partes na difusión destes foros, as partes acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego", para a organización dun ciclo de Foros, co obxectivo de convidar á sociedade a albiscar como ha de ser a Galicia do futuro.

O ciclo de foros titúlase: "O noso Pobo: de hoxe noutros corenta anos" e desenvolverase de maio a decembro de 2017.

Segunda. Declaracións e obrigas das partes

A) A Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego" declara:

- 1º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 2º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio, e que se compromete a dar conta ao Parlamento de variar estas circunstancias.
- 3º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:
 - Memoria da actuación xustificativa con indicación das actividades finalmente realizadas e dos resultados obtidos (participación, etc).
 - Relación clasificada dos gastos executados: con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia (en calquera caso as de importe superior a 1.000,00 € bastando para as de cuantía inferior o recibí do preceptor se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste).
 - Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas para esta actividade.

Esta axuda é compatible con outras axudas para esta actuación concreta se ben en ningún caso poderá ser superior a contía, illadamente ou en concorrencia, do custo total dos gastos subvencionados.

- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.
- Acreditación da publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)
- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 21 de decembro de 2017.

B) A Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego" asumirá a organización dos foros, e o Parlamento de Galicia colaborará no custe da organización dos foros ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na organización e desenvolvemento dos foros, nin dos seus participantes, moderadores ou relatores, que corresponderán enteiramente á Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego".

Terceira . Financiamento

A organización e celebración dos foros, teñen un orzamento estimado de 10.800,00 €, cofinanciando o Parlamento con 8.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B. 481.03.

En consecuencia, a achega representa un máximo do 74,07% do custe total, isto sen prexuízo de que a entidade xustifique a actividade no 100%.

A Asociación "Padroado do Museo do Pobo Galego" deberá xustificar os gastos realizados e presentar en tempo e forma a documentación xustificativa da súa realización e pagamento, que será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto subvencionado total ou parcial dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada proporcionalmente. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente desde a súa formalización ata o tempo necesario para a celebración dos foros, cuxo remate se prevé para o 14 de decembro de 2017; sendo posterior a fiscalización e abono da achega, que en todo caso non poderá estenderse máis alá do 31 de decembro de 2017.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Nas actividades informativas e divulgativas dos foros obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes, ou a comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.

- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.


Asemade rexerese pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 4 de maio de 2017.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA



Justo Beramendi González,
presidente da Asociación "Padroado
do Museo do Pobo Galego"

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 04/05/2017 asinouse un Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e ASOCIACIÓN PADROADO MUSEO DO POBO GALEGO e o PARLAMENTO DE GALICIA para a organización do ciclo de foros " O noso Pobo: de hoxe noutros corenta anos" a desenvolver de maio a decembro de 2017, conforme á que o Parlamento subvencionaba a actividade nun 74,07% dos 10.800€ estimados de gasto e co importe máximo de 8.000€.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa era o 21/12/2017.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 29 de decembro de 2017, polo importe que se estima proporcional (74,07%) do acreditado (7.781,50€), resultando en 5.763,76€

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 5.763,76 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

O Presidente


Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 24/01/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica de polo administrador da empresa GESTINVEST-MEDICAL, con CIF B27839315, en relación coa XORNADA sobor dos **“ASPECTOS PRÁCTICOS DA RESPONSABILIDADE PROFESIONAL SANITARIA”** a celebrar en Vigo o 27 de xaneiro de 2017. Achega unha memoria explicativa da actividade, orzamento total, e o importe solicitado de 1.922€ que representa un 44,47% do custe total, para gastos ocasionados pola organización e impartición desta xornada. Declara ademais os ingresos obtidos por patronicio e ningún de administracións públicas, que en suma non superarían o importe de gastos total estimado.

Expedíuse o certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención do Parlamento por importe de 1.922€ con cargo á partida 01.01.111B. 470.00 “ Subvencións e convenios a entidades privadas”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verifícase a confluencia de razóns excepcionais e puntuais de interese público na concesión desta subvención ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, dada a vinculación da temática a tratar co Parlamento de Galicia a teor da última normativa sanitaria relativa ao consentemento do paciente. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

- 1.- Concederlle á empresa GESTINVEST-MEDICAL, con CIF B27839315, en relación coa XORNADA sobor dos **“ASPECTOS PRÁCTICOS DA RESPONSABILIDADE PROFESIONAL SANITARIA”** a celebrar en Vigo o 27 de xaneiro de 2017, unha subvención por importe de 1.922€ para o obxecto citado nos termos da memoria xustificativa emitida.
- 2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.470.00 do estado de gastos do exercicio 2016 prorrogado na actualidade. A aprobación do gasto terá lugar unha vez se xustifique a subvención concedida nos termos indicados na memoria que de seguido se transcriben:

<< TERCEIRO: Obxecto da subvención.

A subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar parte dos gastos da xornada.

A relación de custes que aporta a entidade abrangue gastos de hostalería (desprazamentos e estancia dos ponentes e coffe-break para os asistentes), gastos de xestión do evento (secretaria técnica e soporte informático) e outros gastos relacionados co lugar e material de impartición da xornada (aluguer do local, cartalaría e papelería en xeral) que ascenden a un total de 4.322€, declarando un importe obtido en calidade de patrocinio das entidades que figuran no programa de 2.400€. En consecuencia, restarían 1.922€ segundo o orzamento achegado.

Os gastos a financiar coa achega do Parlamento de Galicia destinaranse preferentemente a gastos necesarios da xornada como son: aluguer do local de celebración das xornadas, papelería (carpetas, bolígrafos e outro material preciso), cartelería, dípticos e pancartas, fotocopias, soporte informático...

Non son subvencionables os gastos de impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables e tampouco é subvencionable o imposto da renda das persoas físicas.

CUARTO: Preceptor da subvención

O beneficiario da subvención sería a entidade solicitante unicamente para o fin para que resulta concedida.

QUINTO: Financiamento da subvención. Orzamento máximo.

A solicitude fórmulase por importe de 2.000€, mais o orzamento achegado presenta unha diferenza de 1.922€ non cubertos por outros ingresos.

En consecuencia, solicitouse o certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención do Parlamento por importe de 1.922€ con cargo á partida 01.01.111B. 470.00 " Subvencións e convenios a entidades privadas"

O importe da subvención financiará unha porcentaxe do 44,47% sobre os custos totais de celebración. En consecuencia, de resultar inferior o custe total das xornadas, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

SEXTO: Compatibilidade da subvención e compromisos da entidade preceptora

A subvención é compatible con outras axudas que se reciban, quedando obrigada a organización das xornadas a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia, aínda que en ningún caso poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados.

Ademais, a entidade debe comprometerse a dar conta ao Parlamento de Galicia daquelas circunstancias derivadas das letras d) e e) do artigo 14 da lei xeral de subvencións.

As xornadas son de balde para os asistentes.

SÉTIMO: Publicidade da subvención

A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, e que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.

OITAVO: Xustificación da subvención

A entidade comprométese a presentar, no prazo de 3 meses dende a celebración das xornadas, no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia a xustificación da finalidade da subvención e maila súa aplicación, que será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles via extracto da transferencia bancaria ou operación informática cando sexan de importe superior a 1.000€, bastando para as de cuantía inferior o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste.
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e da Seguridade Social expedidos polas ditas administracións, caso de non estar vixentes os remitidos para a concesión
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita, se non se aportou inicialmente

NOVENO: Pagamento da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previa fiscalización da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención que corresponda mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

DECIMO: Infraccións e sancións

O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

.../.>>

3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 25/01/2017, concedeuse unha subvención de 1.922 euros máximo do 44,47% dos gastos totais resultantes da celebración o 27/01/2017 da xornada denominada “ **Aspectos prácticos da responsabilidade profesional sanitaria**”, pola empresa GESTINVEST-MEDICAL, motivado na relación da actividade con varias leis no ámbito sanitario promulgadas polo Parlamento de Galicia, a súa incidencia na sanidade pública galega, colaborando así o Parlamento no coñecemento das devanditas normas aos profesionais do ramo cara as súas responsabilidades, o que permite facer efectivas as normas promulgadas.

Recibida en tempo e forma a documentación xustificativa dos gastos efectuados que suman 4.668,13€ cunha aportación de patrocinadores por importe de 2.200€, e facturas presentadas de gastos subvencionables por un importe total de 1.873,53€, acreditándose o pago de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do abril de 2017, favorable ao recoñecemento da obriga por importe de 1.873,53€, segundo a relación de facturas aportada con cargo á achega, en favor da empresa GESTINVEST-MEDICAL.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 1.873,53 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 07 de abril de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e o Centro Galego de Barcelona para a reedición do libro “Ante o Estatuto. Unificación e diversificación das nacionalidades”

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. **Miguel Ángel Santalices Vieira**, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia,

D. **Carlos Mandianes Araujo**, presidente do Centro Galego de Barcelona, elixido na reunión da Xunta Directiva o 14 de febreiro de 2017, e actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 24 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia, comprometido coa protección e promoción da cultura e da vida política e social galega en todos os planos da vida pública e cultural, quere seguir contribuindo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Segundo. O Centro Galego de Barcelona, entidade privada inscrita no rexistro de galegidade da Xunta de Galicia co nº CG_0104/2015, (co CIF nº G08890956), cuxos orixes se remontan a 1892 e, polo tanto, un dos máis antigos de España, ten o firme compromiso de manter a identidade galega e proxectar a cultura de Galicia en Cataluña, desenvolvendo actividades de divulgación da idiosincrasia, cultura e costumes galegos entre os seus socios, os seus descendentes e o público en xeral.

Combina o desenvolvemento dunha ampla programación sociocultural (concertos, teatro, conferencias, festas,...) coa organización de cursos e talleres de diversas disciplinas. A música, a danza, o teatro e a lingua galega son as principais liñas da acción formativa dirixida a manter os vínculos dos galegos emigrados á Barcelona así como aqueles outros que se aproximan ás súas instalacións para coñecer mais da cultura galega.

Destaca, de entre as súas actividades da difusión da cultura galega, a biblioteca Otero Pedrayo, especializada en temas galegos: literatura, historia, xeografía, tradicións populares, música, guías de Galicia, bibliografía sobre o Camiño de Santiago, xeoloxía e economía, entre outros, e que recibe diariamente prensa galega e prensa catalá, así como o Diario Oficial de Galicia e o Boletín do Parlamento de Galicia, e revistas galegas e de asociacións.

Dentro do seu amplo elenco de actividades destacou sempre o compromiso co desenvolvemento político e social de Galicia e o seu autogoberno, chegando a organizar conferencias divulgativas en Barcelona co motivo da elaboración do primeiro Estatuto de Autonomía. Destaca especialmente a celebrada o 25 de xullo de 1932 por D. Manuel Portela Valladares, da que posteriormente se editou unha publicación titulada “Ante o Estatuto. Unificación e diversificación das nacionalidades”, da que o Centro Galego en Barcelona posúe todos os dereitos de divulgación.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustifícase a concesión directa de subvención no indubidable interese cultural que supón o coñecemento desa intensa etapa da historia de Galicia, fito ineludible e precursor da actual estrutura institucional e política da nosa Comunidade, sen a que non é posible entender o seu encaixe na arquitectura constitucional da España actual. Asemade a achega ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación a subvencionar, coincidindo co 35º aniversario do Parlamento de Galicia, así como o 125º aniversario do Centro Galego de Barcelona, o que permite acollerse ao outorgamento en réxime de concesión directa.

Tendo mutuo interese ambas parte na difusión de tan importante legado político, as partes acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e o Centro Galego de Barcelona, para a difusión da lingua e cultura galega en Barcelona, consistente na reedición dun libro sobre a conferencia impartida o 25 de xullo de 1932 no Centro Galego de Barcelona polo insigne D. Manuel Portela Valladares, galego de ampla e significativa traxectoria política e xurídica marcada polo seu amor a Galicia.

O libro a reeditar, que será de titularidade o Centro Galego en Barcelona, titúlase: "Ante o Estatuto. Unificación e diversificación das nacionalidades".

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) O Centro Galego de Barcelona declara:

- 1º. Dispor dos dereitos do material do libro editado en outubro de 1932 que inclúe debuxos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e incorpora un complemento histórico elaborado polo propio Centro Galego.
- 2º. Comprometerse á reedición, maquetación e impresión de 600 exemplares, que disporán na cuberta do logotipo do Parlamento de Galicia.
- 3º. Que disporá dos exemplares para a súa difusión, divulgación e distribución gratuíta.
- 4º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia
- 5º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio
- 6º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:
 - Factura da reedición, maquetación e impresión do libro acompañada do documento acreditativo de abono vía transferencia.
 - Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas percibidas para esta actividade. Esta axuda é incompatible con outras axudas para esta actuación concreta (reedición do libro) posto que se subvenciona ao 100%, mais debe certificarse tal extremo por parte da entidade.

- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

No tocante á publicidade da achega quedará acreditada co logotipo do Parlamento de Galicia na cuberta dos libros e a publicidade no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia, ademais do estipulado na cláusula quinta.

B) O Parlamento de Galicia colaborará no custe da reedición, maquetación e impresión ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia financiará o cento por cento da actuación con 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B. 470.00.

Unha vez presentada en tempo e forma pola entidade a documentación xustificativa, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para a reedición e impresión do libro e posterior xustificación, que en todo caso non poderá estenderse máis de 7 meses dende a data da súa sinatura.

Se rematado este prazo non fora posible, por motivos alleos á vontade das partes, ter editado e publicado o libro e xustificar o gasto polo Centro Gallego de Barcelona, as partes poderán prorrogalo polo tempo indispensable para posibilitar o cumprimento do fin deste Convenio, sen que poida estenderse esta prórroga máis aló do 15 de decembro de 2017. A posible prórroga deberá constar por escrito mediante addenda a este Convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Nas actividades formativas, informativas e divulgativas e nas actuacións respecto da reedición do libro obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu

desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes, ou a comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda chegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerase pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 23 de marzo de 2017.



**Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices
Vieira**, presidente do Parlamento de Galicia.



D. Carlos Mandianes Araujo, presidente do Centro Galego de Barcelona

DENDE 1892
Centro Galego de Barcelona
T-08899956
Ronda Sant Jaume, 35-37 - 08002 Barcelona

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 23/03/2017 asinouse un Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e o Centro Galego de Barcelona para a difusión da lingua e cultura galega en Barcelona, consistente na reedición dun libro sobre a conferencia impartida o 25 de xullo de 1932 no Centro Galego de Barcelona polo insigne D. Manuel Portela Valladares, galego de ampla e significativa traxectoria política e xurídica marcada polo seu amor a Galicia.

En esencia o CGB declara dispor do material do libro editado en outubro de 1932 exclusivamente para esta reedición de 600 exemplares para a súa distribución gratuita, e o Parlamento colabora concedéndolle unha achega para este fin por importe de 4.000€.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa era o 23/10/2017. Sen embargo, tramitouse unha addenda asinada o 20/10/2017 que prorrogaba a vixencia do convenio ata o 15/12/2017, sen prexuízo de que a documentación xustificativa se presentaría polo CGB antes do 01/12/2017.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 18 de decembro de 2017, polo importe xustificado de 3.940,38€.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 3.940,38 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira (DNI nº 34914062 Q), na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia (CIF nº S1533001B), actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia,

D^a. Eloína Núñez Masid (DNI nº 34937351Y), presidenta da **Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez** (CIF nº G15796683), que actúa ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 19 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez ten por obxecto, entre outras, impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e nas Ciencias da Saúde, e dar o soporte necesario nas áreas económico-administrativas, de recursos humanos e de transferencia de resultados do Instituto de Investigación de Santiago (IDIS).

O IDIS estrutura o seu labor científico investigador a través de Áreas e Grupos de investigación. Un dos Grupos de investigación do Instituto, o Grupo de Oncoloxía Médica Traslacional (ONCOMET), grupo multidisciplinar formado por investigadores básicos e clínicos, centra a súa investigación nas metástases, abarcando desde a invasión tumoral local á diseminación metastática. O estudo abórdase desde distintas perspectivas pero sempre desde un enfoque translacional, sendo todos os proxectos deseñados para cubrir necesidades clínicas reais. O obxectivo último do grupo é levar a cabo unha investigación desde e para o paciente.

Recentemente ONCOMET puxo en marcha unha campaña de micromecenado para recadar fondos para desenvolver un proxecto de investigación dirixido a caracterizar distintos tumores mediante mostras de sangue (Biopsia Líquida) de pacientes oncolóxicos de Galicia, co obxectivo de estudar a súa evolución e obter información sobre os mecanismos polos que se produce a metástase ou se desenvolven resistencias aos distintos tratamentos, buscando marcadores que proporcionen información sobre o tratamento que é mellor escoller e en que momento os pacientes deixan de responder ao tratamento, ou que permitan diagnosticar a enfermidade en estadios temperáns, cando as opcións de curación dos pacientes son maiores.

Os resultados deste estudo proporcionarán información moi valiosa para facer un diagnóstico máis temperán e sinxelo da enfermidade, así como para seleccionar o tratamento dos pacientes dun modo máis personalizado e eficaz.

Segundo. O Parlamento de Galicia, ao abeiro do artigo 9 e 43 da Constitución española, e como poder público, non quere ser alleo aos esforzos da Fundación Ramón Domínguez para desenvolver este proxecto de investigación cuxos resultados poden supoñer unha esperanza de benestar e vida para todos os pacientes oncolóxicos de Galicia, motivo polo que estima que entraría na súa actividade de fomento.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustifícase a concesión directa de subvención no indubidable carácter humanitario que supón o desenvolvemento do proxecto de

investigación, e a aplicación dos resultados que se obterán para escoller o mellor tratamento para os pacientes, ou que permitan diagnosticar a enfermidade en estadios temperáns, cando maiores son as opcións de curación.

Tendo mutuo interese ambas partes no éxito do proxecto investigador, acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, para cofinanciar parte dos gastos do proxecto de investigación dirixido a caracterizar distintos tumores mediante mostras de sangue (Biopsia Líquida) de pacientes oncolóxicos de Galicia".

Os fondos adicaranse á contratación de persoal, instrumental, ou material funxible necesarios para levar a cabo o proxecto.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) A Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez declara:

1º. Que non está incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia

2º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

3º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte, que remitirá ao Parlamento de Galicia:

- Memoria da actuación xustificativa con indicación do destino dado aos fondos aportados polo Parlamento de Galicia nos termos da cláusula anterior.
- Relación clasificada dos gastos executados no período subvencionado: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia (en calquera caso as de importe superior a 1.000,00 € bastando para as de contía inferior o recibí do preceptor se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste). Enténdese por período subvencionado dende o 01/01/2017 ao 31/10/2017.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas para esta actividade.

Esta axuda é compatible con outras axudas para esta actuación concreta se ben en ningún caso poderá ser superior a contía, illadamente ou en concorrencia, do custo total dos gastos subvencionados.

- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA das subministracións ou servizos que solicita.
- Acreditación da publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)

- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.
- O prazo para a achega de toda a documentación remata o 31 de outubro de 2017.

B) A Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez desenvolverá o proxecto de investigación dirixido a caracterizar distintos tumores mediante mostras de sangue (Biopsia Líquida) de pacientes oncolóxicos de Galicia, e o Parlamento de Galicia colaborará no cofinanciamento do seu custe ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen no proxecto de investigación, que corresponderán enteiramente á Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia cofinanciará o proxecto con 5.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.470.00.

Unha vez presentada en tempo e forma pola entidade a documentación xustificativa, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para a contratación do persoal, compra de instrumental ou material funxible, a súa posterior xustificación e fiscalización, que en todo caso non poderá estenderse mais alá do 31 de decembro de 2017.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Na actividade obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes, ou a comisión de seguimento, poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegaranse as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.


Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerese pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 28 de xuño de 2017.


Miguel Ángel Santalices Vjeira,
presidente do
Parlamento de Galicia


PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA


Eloína Núñez Masid, presidenta da Fundación
para a Investigación, Desenvolvemento e
Innovación Ramón Domínguez

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 28/06/2017 asinouse o Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Fundación para a investigación, desenvolvemento e innovación Ramón Domínguez (CIF nº S1533001B) que instrumenta unha subvención dirixida á cofinanciar parte dos gastos do proxecto de investigación para caracterizar distintos tumores mediante mostras de sangue (Biopsia Líquida) de pacientes oncolóxicos de Galicia” levada a cabo pola mencionada Fundación.

O Parlamento contribúe con 5.000€ para gastos de contratación de persoal, instrumental, ou material funxible necesarios para levar a cabo o proxecto. O período ao que deben corresponder os gastos son do 01/01/2017 ao 31/10/2017, sendo esta última data tamén a de remisión da documentación xustificativa.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 11 de decembro de 2017, xa que o custe total acreditado supera os 5.000€, e por ende, acada o importe da subvención os 5.000€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 5.000,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vieira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 08/09/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da ASOCIACIÓN GALICIA MILENIO. FORO DE PENSAMIENTO E OPINION (inscrita no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia co nº 2007-1086-1) e CIF G70122536, á sazón D. Marcelino Agis Villaverde, para acadar cofinanciamento para a Exposición " Xerardo Fernandez Albor e o seu tempo. Cen anos dun presidente" que terá lugar os días 15 e 16 de setembro de 2017 no Pazo de Fonseca e na Cidade da Cultura de Galicia, en relación coa figura do primeiro presidente autonómico.

A entidade completa a documentación con: Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante, memoria explicativa da actividade e orzamento total, declaración das achegas ou outros fondos para o seu financiamento xunto co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas, declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.470.00 "Subvencións e convenios con entidades privadas"

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verifícase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado ut supra que financiará ata un máximo de 2.341€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- existen razóns de interese cultural na concesión de subvención a esta entidade constituída no ano 2007 integrado por docentes universitarios e por destacadas personalidades do mundo social e cultural de Galicia. Os fins principais do foro son: a) Promover a reflexión e o debate sobre temas de interese para a sociedade galega desde unha perspectiva liberal e humanista, b) Fomentar o intercambio de ideas para o desenvolvemento dunha sociedade libre, democrática e xusta, c) Crear un espazo para a participación responsable da sociedade civil ao redor dos valores da persoa.

Para levar a cabo tales fins, Galicia Milenio propón a realización de actividades como: Conferencias, mesas redondas, xornadas, seminarios, etc, publicacións que dean a coñecer as ideas e fins que promove, sinatura de convenios con institucións, e todas aquelas relacionadas cos seguintes ámbitos: patrimonio cultural e lingüístico de Galicia; educación, ética e valores humanos; ideas políticas, económicas e filosóficas; urbanismo, medioambiente e territorio; desenvolvemento rexional, urbano e rural; ciencia e tecnoloxía; o Camiño de Santiago e Europa.

Precisamente a solicitude fórmulase respecto dunha exposición sobre o primeiro presidente da Xunta de Galicia entre o 22/01/1982 e 23/09/1987, doutor en medicina que formou parte de importantes institucións como o Patronato Rosalia de Castro, a Fundación Otero Pedrayo, o Instituto da Lingua Galega e do Museo do Pobo Galego, accedendo á política trala aprobación do Estatuto autonómico o 07/02/1981. Personalidade recoñecida que dende o ano 1989 ao 1999 formou parte do Parlamento Europeo. En 2017 cumpre cen anos motivo do simposio paralelo.

A exposición realizarase os días 15 e 16 de setembro no Pazo de Fonseca e na Cidade da Cultura, e a achega solicitada destinarase á dispoñer de 11 paneis que presentan por orde cronolóxico as principais facetas de Xerardo Fernandez Albor e que se avalían en 2.541€ iva engadido segundo o orzamento presentado.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, debido a concreción da actuación que se pretende subvencionar que se desenvolve no exercizo 2017, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións:

“c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”

Estímase que tratándose dunha subvención sobre o o primeiro presidente da Xunta de Galicia, xustifícase a concesión pola súa vinculación co Parlamento de Galicia amén da relevancia da súa figura e vinculación con diferentes institucións culturais e políticas.

A excepcionalidade da concesión se presenta por mor do seu centenario (nado en 1917), sendo de difícil a convocatoria publica por ser un acto concreto xa a desenvolver por unha asociación.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar os gastos da actividade proposta pola entidade: Exposición “ Xerardo Fernandez Albor e o seu tempo. Cen anos dun presidente”

Trátase de gastos financiáveis por ser gastos correntes e de servizos, concretamente o deseño e impresión de 11 paneis con pes para colocación vertical, colocación e traslado.

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, o importe da subvención financiará un máximo de 2.341€ de subvención.

De resultar finalmente inferior o custe da actividade, a subvención a abonar reducirase no mesmo importe.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados. A entidade comprométese a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia segundo consta na documentación.

SEXTO: O pagamento efectuarase una vez xustificado pola entidade o gasto realizado.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 06/10/2017 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática (excepcionalmente cando sexan de importe inferior a 1.000€ basta o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste)
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social, caso de non estar vixentes os certificados presentados inicialmente.
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministros ou servizos que solicita.
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.



PARLAMENTO
DE GALICIA

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111b.470.00 do estado de gastos do exercizo 2017. A aprobación do gasto e pago terá lugar unha vez se execute e xustifique o gasto de conformidade co apartado Sexto da memoria.


3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que **o prazo para presentar a xustificación remata o 06/10/2017**, e trasladarlllo ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

O Presidente



Miguel A.Santalices Vieira



Conforme, a Interventora

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Por Resolución da Presidencia do 13/09/2017, concedeuse unha subvención por un importe máximo de 2.341€ a ASOCIACIÓN GALICIA MILENIO. FORO DE PENSAMIENTO E OPINION (inscrita no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia co nº 2007-1086-1) e CIF G70122536, trala solicitude do seu representante legal, á sazón D. Marcelino Agis Villaverde, para acadar cofinanciamento para a Exposición " Xerardo Fernandez Albor e o seu tempo. Cen anos dun presidente" que terá lugar os días 15 e 16 de setembro de 2017 no Pazo de Fonseca e na Cidade da Cultura de Galicia, en relación coa figura do primeiro presidente autonómico.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 05 de outubro de 2017, xa que o custe total acreditado acada os 2.541€, e por ende, acada o importe da subvención dos 2.341€ máximo a conceder.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos, recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 2.341,00 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 05 de outubro de 2017

O Presidente



Miguel A. Santalices Vjeira

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 30/05/2017 recibíuse unha solicitude de axuda económica do representante legal da ASOCIACIÓN DE MEDICOS GALLEGOS á sazón D. Julio Ancochea Bermudez, para acadar cofinanciamento para a actividade consistente no Ciclo de conferencias “ Medicina y humanidades 2017” que se desenvolve na Casa de Galicia en Madrid e no Salón de actos de Previsión sanitaria nacional, entre o 27/04/2017 e novembro de 2017, sendo a primeira delas “ Parlamento de Galicia. Medicina y Sociedad” .O orzamento estimado pola entidade para todo o ciclo de 6 conferencias é de 20.400€, e solicitan 5.000€

A entidade completa a documentación con: Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante, memoria explicativa da actividade e orzamento total, declaración das achegas ou outros fondos para o seu financiamento xunto co compromiso de comunicar a obtención, de se-lo caso, doutras axudas , declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias e declaración de non ter débedas coa Seguridade Social, así como compromiso de cumprir cos termos da subvención e o certificado da conta bancaria.

Expedíuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.480.00 “Subvencións e convenios con entidades privadas”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior, na que verificase a confluencia de razóns de interese cultural e institucional na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Informouse polos servizos xurídicos do Parlamento favorablemente o 24/10/2017, e fiscalizouse pola intervención o 25/10/2017.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do proxecto presentado e relativo ao período sinalado, cun máximo de 5.000,00€ de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- Razóns de interese público.

Existen razóns de interese público cultural e institucional que conflúen na celebración desta xornada, en virtude da súa relación con varias leis no ámbito sanitario promulgadas polo Parlamento de Galicia, a súa incidencia na sanidade pública galega, especialmente nos profesionais sanitarios.

Obsérvase que se trata dunha xornada de inscrición gratuíta, que se imparte fora de Galicia e onde participa o Parlamento a través da ponencia inaugural a cargo do Presidente desta institución. Estímase un aforo dunhas 100 persoas por ponencia.

SEGUNDO: Carácter e tramitación da subvención.

A subvención ten carácter excepcional en tanto se inaugura polo Presidente do Parlamento na liña do acercamento da institución á sociedade, outorgándose sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, xustificada na especificidade da temática e puntualidade do evento.

TERCEIRO: Obxecto da subvención.

A subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar parte dos gastos da xornada xa que do total de 20.400€ (3.400€ cada unha das 6 ponencias) solicítanse ao Parlamento de Galicia un total de 5.000€.

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos a non ser que non sexan deducibles ou compensables.

A relación de custes que aporta a entidade abrangue gastos de hostalería (desprazamentos e estancia dos ponentes e refrixerios para os asistentes), gastos de xestión do evento (secretaria da organización e soporte audiovisual) e outros gastos relacionados co lugar de impartición da xornada (aluguer do local) que ascenden a un total de 3.400€ por conferencia sendo estas un total de 6.

Os gastos a financiar coa achega do Parlamento de Galicia destinaranse a gastos necesarios da xornada como son: aluguer do local con medios audiovisuais e wifi, desprazamentos conferenciantes, estancia e manutención destes, etc.

CUARTO: Preceptor da subvención

O beneficiario da subvención sería a entidade solicitante unicamente para o fin para que resulta concedida.

QUINTO: Financiamento da subvención. Orzamento máximo.

A solicitude formúlase por importe de 5.000€.

Consta o certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención do Parlamento imputándose á partida 01.01.111B.470.00 "Subvencións e convenios con entidades privadas"

O importe da subvención representa unha porcentaxe do 24,51% sobre os custos totais de celebración.

En consecuencia, de resultar inferior o custe total das xornadas, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

SEXTO: Compatibilidade da subvención e compromisos da entidade preceptora

A subvención é compatible con outras axudas que se reciban, quedando obrigada a organización das xornadas a dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia, aínda que en ningún caso poderá ser superior a contía illadamente ou en concorrencia do custo dos gastos subvencionados.

A asociación comunica o financiamento do resto do proxecto con 8.000€ de Roche Farma S.A., 3.000€ de Previsión Sanitaria Nacional e 1.400€ de fondos propios procedentes de cuotas de socios e aforros da asociación.

Ademais, a entidade debe comprometerse a dar conta ao Parlamento de Galicia daquelas circunstancias derivadas das letras d) e e) do artigo 14 da lei xeral de subvencións.

As xornadas son de balde para os asistentes.

SÉTIMO: Publicidade da subvención

A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, e que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios.

OITAVO: Xustificación da subvención

A xustificación da subvención presentarase antes do 14/12/2016, no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia coa seguinte documentación:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos gastos así como a acreditación do abono daqueles vía extracto da transferencia bancaria ou operación informática cando sexan de importe superior a 1.000€, bastando para as de cuantía inferior o recibí do preceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos deste.
- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total final das axudas percibidas que financian a actividade subvencionada
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e da Seguridade Social expedidos polas ditas administracións
- acreditación da publicidade do financiamento do Parlamento de Galicia
- Declaración, asinada polo representante legal da entidade, de que a entidade no deduce ni compensa o IVA dos subministrados ou servizos que solicita, se non se aportou inicialmente

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade social á que se lle concedera, e demais documentación a axuntar, será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada, procedéndose ao reintegro da cuantía previamente abonada. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

NOVENO: Pagamento da subvención



PARLAMENTO
DE GALICIA

A Presidencia indica que a subvención haberá de ser abonada con carácter prepagable á xustificación do gasto. Aténdese así á petición formulada pola entidade que alega a falta de medios financeiros para levala a cabo, e solicita a exoneración da prestación de garantía previa por tratarse de xornadas de carácter formativo.

En tanto que a regra xeral é que as subvencións sexan post-pagables, verifícase:

- Que a concesión da aportación é a un suxeito determinado e identificado: ASOMEGA
- A explicación da imposibilidade da súa tramitación como subvención post-pagable: a entidade comunica que soamente conta como recurso coas cotas dos socios que son voluntarias.
- Excepcionase a necesidade de prestar garantía debido ao carácter formativo da entidade.
- O prazo de xustificación da aplicación dos fondos non é posterior ao 31 de decembro do exercizo en que se conceda.

Resta que conste o compromiso de presentación de xustificantes da realización efectiva da actividade no prazo que se indique.

O pago a conta materializarase mediante transferencia de ingresos na conta bancaria da Entidade Financeira sinalada polo beneficiario.

DECIMO: Infraccións e sancións

O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.>>

2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.470.00 do estado de gastos do exercizo 2017 a favor da ASOCIACIÓN DE MEDICOS GALLEGOS con CIF G8098206. A aprobación do gasto terá lugar con carácter de pago a conta da subvención por importe de 5.000,00€


3.- Comunicar ao interesado para o seu coñecemento e efectos lembrándolle que o prazo para que acredite a execución e xustificación remata o 14/12/2017, que de non cumprir suporá o reintegro da parte non xustificada.

4.- Trasladar esta resolución ao departamento de Intervención e Asuntos económicos.


Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017

O Presidente

Miguel A.Santalices Vieira



Conforme, a Interventora



RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a ASOMEGA.

Por Resolución da Presidencia do 26/10/2017, concedeuse unha subvención por un máximo de 5.000 euros a ASOCIACIÓN DE MEDICOS GALLEGOS, CIF G8098206, para acadar o cofinanciamento para a actividade consistente no Ciclo de conferencias " Medicina y humanidades 2017" desenvolta a partir do 27/04/2018. A subvención financiaría ata o 80% dos gastos do proxecto, resolvendo o seu abono como pago a conta.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. O custe total acreditado supera os 6.250€, e por ende, acada o importe da subvención os 5.000€ máximo a conceder, que xa foron prepagados.

Fiscalizouse favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe emitido o 18/05/2018.

Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como o estipulado na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada, e estimar cumpridas as obrigas relativas ao abono a conta efectuado por esta institución por importe de 5.000€.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

O Presidente


Miguel A. Santalices Vieira



Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para a organización do ciclo de Conferencias "A lexislación sanitaria galega durante os últimos anos. Beneficios para os usuarios"

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.

D. José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 37 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia está comprometido coa protección e promoción da cultura e da vida política e social galega en todos os planos da vida pública e cultural; para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

O ciclo de conferencias da Real Academia "A lexislación sanitaria galega durante os últimos anos. Beneficios para os usuarios", permite achegar aos universitarios galegos, aos profesionais sanitarios e aos cidadáns en xeral, a fecunda e prolíxica lexislación sanitaria emanada do propio Parlamento de Galicia, sobre un asunto, ademais, de vital importancia e innegable interese cidadán, ao que a Comunidade Autónoma dedica continuamente desde hai anos gran parte dos seus esforzos orzamentarios.

Segundo. A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (Q1568005A), foi creada en 1827 mediante Real Decreto de 28 de agosto como Real Academia de Medicina e Cirurxía de Santiago de Compostela e Asturias, e sede en Santiago de Compostela, cos obxectivos de impartir ensinos, estimular a investigación, publicar traballos científicos, conformar unha biblioteca propia, asesorar a xuíces e control de titulacións e do intrusismo.

Con sede en A Coruña desde 1833, circunscrita a Galicia desde 1972, e transferida a Galicia e adscrita á Consellería de Sanidade desde 2003, segue desenvolver labores de asesoramento a Administracións e entidade privadas, fomentando a investigación e a docencia da ciencia médica e, en xeral impulsando e desenvolvendo programas de fomento da medicina en Galicia.

Precisamente con esta finalidade a Real Academia esta a organizar diversas actividades divulgativas, e propónse desenvolver, entre outras, un ciclo de conferencias que sirvan para achegar á cidadanía diversos aspectos médicos derivados da lexislación sanitaria galega.

Terceiro. Na memoria que consta no expediente, xustifícase o carácter excepcional e a concesión directa de subvención no indubidable interese social e humanitario que supón o coñecemento da normativa sanitaria de Galicia para unha poboación con cada vez maior calidade e esperanza de vida.

Tendo mutuo interese ambas partes na difusión deste ciclo de conferencias, as partes acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, para a organización dun ciclo de conferencias, co obxectivo de achegar á cidadanía a lexislación sanitaria de Galicia e os beneficios derivados de tales leis.

O ciclo de conferencias titúlase: "*A lexislación sanitaria galega durante os últimos anos. Beneficios para os usuarios*" e desenvolverase no primeiro semestre de 2018.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia" declara:

- 1º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia
- 2º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio, e que se compromete a dar conta ao Parlamento de variar estas circunstancias.
- 3º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 4º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:

- Memoria da actuación xustificativa con indicación das actividades finalmente realizadas e dos resultados obtidos (participación, etc)
- Relación clasificada dos gastos executados: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia (en calquera caso as de importe superior a 1.000,00 € bastando para as de contía inferior o recibí do preceptor se o pago foi en metálico, con indicación do DNI, sinatura e nome e apelidos deste).

O período subvencionado, coincidindo coas datas de impartición do ciclo, estendese ata o 30/06/2018, sen prexuízo de que poidan efectuarse pagos ata a data de achega de documentación indicada contra o final deste apartado.

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas para esta actividade.

Esta axuda é incompatible con outras axudas para esta actuación concreta se ben en ningún caso poderá ser superior a contía, illadamente ou en concorrencia, do custo total dos gastos subvencionados.

- Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.
- Acreditación da publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)
- Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 31 de xullo de 2018.

B) A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia asumirá a organización das conferencias, e o Parlamento de Galicia colaborará no custe da súa organización ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na organización e desenvolvemento das conferencias, nin dos seus participantes, moderadores ou relatores, que corresponderán enteiramente á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Terceira . Financiamento

A organización e celebración das conferencias teñen un orzamento estimado de 17.850,00 €, financiando o Parlamento ata o 100% das actuacións coa limitación do dito importe como orzamento máximo, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B. 481.05 do exercizo 2017.

Son gastos subvencionables aqueles que se recollen dentro da proxección de gastos prevista como: gastos de imprenta, abono charlas aos poñentes, desprazamentos, material audiovisual, secretaria organizativa, e outros de material de oficina e similares.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten solicitado o pago anticipado da achega con exoneración da prestación da garantía baseándose no carácter formativo e altruísta do obxecto do convenio amén da falta de medios financeiros para levala a cabo, o que se estima factible por tratarse dunha subvención por importe inferior a 18.000€ (artigo 65.4º letra i. do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Considerase que concorren os condicionantes para ser abonada con carácter prepagable ata o 80% do importe ao abeiro dos artigos 62.2. e 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O pago a conta materializarase na conta bancaria da entidade.

A entidade comprométese coa sinatura deste convenio a acreditar os gastos realizados e presentar en tempo e forma a documentación xustificativa da súa realización e pagamento, que será obxecto de control financeiro e aprobarase, previo informe da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

De ser aprobada a conta xustificativa pola totalidade do orzamento previsto, abonarase entón á entidade o 20% restante.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto total ou parcial subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada proporcionalmente. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio estará vixente desde a súa formalización ata o tempo necesario para a celebración das conferencias, cuxo remate se prevé para o 30 de xuño de 2018; sendo posterior a fiscalización e abono da achega, que en todo caso non poderá estenderse máis alá do 31 de outubro de 2018.

O Convenio poderá ser prorrogado se por calquera motivo resulta necesario estender a duración inicialmente prevista, sen que en ningún caso esta circunstancia poida implicar

modificación do orzamento, nin polo tanto da aportación realizada polo Parlamento. Neste caso, incorporárase ao Convenio unha addenda coa prórroga aprobada.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta .- Difusión da colaboración das partes

Nas actividades informativas e divulgativas das conferencias obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, a identidade corporativa de cada unha das Institucións.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das Institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Sétima.- Modificación

As partes ou a comisión de seguimento poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Oitava. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:


- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Novena. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerese pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asíñase este convenio por triplicado en Santiago de Compostela o 29 de decembro de 2017.



Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia.



D. José Carro Otero, presidente da Real
Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

O día 29/12/2017 asinou un Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, para a organización dun ciclo de conferencias, co obxectivo de achegar á cidadanía a lexislación sanitaria de Galicia e os beneficios derivados de tales leis. O ciclo de conferencias titúlase: "*A lexislación sanitaria galega durante os últimos anos. Beneficios para os usuarios*" a desenvolver no primeiro semestre de 2018.

En base ao convenio abonouse un anticipo do 80% do orzamento de 17.850,00€ (14.280,00) financiando o Parlamento ata o 100% das actuacións coa limitación do dito importe como orzamento máximo, con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B. 481.05 do exercizo 2017.

Recibida a documentación xustificativa dos gastos efectuados que acreditan abonados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas no clausulado do convenio, incluída a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fiscalizada favorablemente pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 02/08/2018, polo importe que se estima debidamente acreditado de 16.951,92€, de xeito que, téndose abonado anticipadamente 14.280€, procedería abonar a diferenza de 2.671,92€.

Esta Presidencia, RESOLVE:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos por importe total de 16.951,92.
2. Téndose abonado anticipadamente 14.280,00€ á entidade, procede recoñecer a obriga e autorizar o pagamento de 2.671,92 euros, que se ingresarán na conta bancaria da entidade aportada no expediente.
3. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2018.

O Presidente


Miguel A. Santalices Vieira